

Nova edición do programa Explorer para emprendedores da USC

- O programa, promovido polo Banco Santander a través de Santander Universidades e coordinado polo CISE co apoio da Universidade de Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia, brindará **formación e mentoring de forma gratuíta a mozas e mozos** de 18 a 31 anos que queiran desenvolver as súas ideas de negocio.
- Explorer premiará ós mellores proxectos de cada Explorer Space da USC (Santiago e Lugo) con un viaxe a Silicon Valley e lles permitirá optar a 60.000 euros en financiación.

Os emprendedores entre 18 y 31 anos poden inscribirse a través de [Santander X](#), ata o 12 de decembro no programa Explorer 'Jóvenes con Ideas' que impulsa o talento da mocidade e a xeración de proxectos innovadores nun entorno dixital, aberto e colaborativo.

A plataforma de emprendimiento Santander X abre o período de inscrición para a X edición do programa Explorer 'Jóvenes con ideas', unha iniciativa de impulso ao talento de mozo promovida polo Banco Santander a través de Santander Universidades, coa coordinación do Centro Internacional Santander Emprendemento (CISE) que nas súas nove edicións anteriores impulsou proxectos de máis de 5.000 emprendedores e xenerou centos de empresas en todo el país. En Santiago e Lugo, Explorer conta co apoio da Universidade de Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia, a través da Subdirección Xeral de Empleo.

O prazo de inscrición a través de [Santander X](#), para mozas e mozos de **entre 18 e 31 años**, finaliza o próximo **12 de decembro**. Esta plataforma dixital conecta a emprendedores de todo o mundo e lles ofrece acceso a distintas iniciativas de emprendemento impulsadas por universidades nun **entorno dixital, aberto e colaborativo**.

Os seleccionados poderán beneficiarse do acceso aos espazos Explorer Space da USC (Santiago e Lugo), **centros de coworking de alto rendemento** onde desenvolverán as súas ideas de forma colaborativa, conectarán con outros emprendedores e recibirán **asesoramento personalizado e formación** impartida por unha rede de máis de 200 expertos en innovación e modelos de negocio.

Para esta nova convocatoria, o programa incorpora **máis contidos dixitais**, fortalecendo a formación cas últimas metodoloxías e reforzando a conexión entre mozos de diferentes Spaces.

Comunidade, impulso e financiación

Ao finalizar os cinco meses de formación e ideación, **o proxecto mellor valorado del cada Explorer Space viaxará a Silicon Valley**, o maior ecosistema de innovación do mundo, xunto a outros 56 emprendedores de diferentes centros onde recibirán clases maxistras en empresas tecnolóxicas, asesoramento en internacionalización e contacto con inversores. Ademais, os tres mellores proxectos recibirán **30.000, 20.000 e 10.000 euros** para acelerar o seu desenvolvemento.

Gracias á colaboración ca Fundación EY, Explorer conta tamén co premio **Woman Explorer Award**, que ofrece **20.000 euros** para financiar ó mellor proxecto liderado por unha emprendedora e o premio de



XUNTA
DE GALICIA



innovación *Disruptive Technology Explorer Award* –impulsado por INDRA-, que brindará **3.000 euros** e asesoramento por parte de expertos de Indraventures ó proxecto de negocio máis innovador.

As entidades colaboradoras locais

O apoio local nos Explorer Space de Santiago de Compostela e Lugo ven da man da Universidade de Santiago de Compostela e da Xunta de Galicia, en concreto da Secretaría Xeral de Emprego, Consellería de Economía e Industria.

O *USC Santiago de Compostela Space* atópase no Edificio Emprendia, núcleo da Transferencia de Coñecemento, Innovación e Emprendemento do Campus de Excelencia Internacional da Universidade de Santiago de Compostela - Campus Vida, proporcionado aos participantes espazo coworking e ferramentas para a incubación e a formación, tanto presencial como virtual, asemade para o traballo colaborativo. Ademais, os proxectos premiados neste centro contarán coa dispoñibilidade dun espazo de incubación para o seu proxecto en UNINOVA.

Pola súa banda, o *USC Lugo Space* está na Facultade de Administración e Dirección de Empresas (ADE), dentro do Campus Terra, que xa conta cun espazo coworking a disposición dos emprendedores. A Facultade de Administración e Dirección de Empresas eríxese como un espazo universitario para a creación de valor económico-social, sendo o emprendemento un dos eixos chave para chegar a tal fin. Todo elo, a través dunha cooperación produtiva entre universidade-empresa-sociedade, para a proxección dos coñecementos, capacidades e resultados xerados no Campus e a súa transformación en fonte de progreso e motor de cambio na súa contorna a nivel social, económico e territorial. Ademais, os proxectos premiados neste centro contarán coa dispoñibilidade dun espazo de incubación para o seu proxecto na Fundación CEL, que colaboran activamente na difusión e desenvolvemento do programa entre o seu tecido empresarial.

As actividades destes Explorer Space intégranse no programa de emprendemento da USC que conta como principais axentes a Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE) e a Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais, S.L., - UNINOVA (Incubadora da USC). O

Este programa é xestionado na USC por parte de persoal técnico da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento, situada no campus de Santiago no Edificio Emprendia, e no Campus Terra no Edificio CACTUS.

Todos os interesados en desenvolver a súa idea de negocio e optar ós premios, deberán presentar a súa candidatura a través dun formulario dispoñible en www.santanderx.com. **Para máis información poden contactar nos teléfonos: 881 815 594 (Santiago) e 982 822 854 (Lugo).**